

Anuncio de aprobación das Bases xerais reguladoras de subvencións a asociacións e entidades sen animo de lucro en materia de servizos sociais do Concello de Ourense

PUBLICADO NO BOP NÚM. 82 DO 8 DE ABRIL DE 2017

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 23 de marzo de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado as bases xerais reguladoras de subvencións a asociacións e entidades sen animo de lucro en materia de servizos sociais do Concello de Ourense.

Segundo.- Publicar as bases aprobadas no *Boletín Oficial da Provincia* e na páxina web do Concello de Ourense.

BASES XERAIS REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS

Artigo 1.- Obxecto

Constitúe a finalidade das presentes bases regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a financiar programas, proxectos ou actividades que, sendo considerados de interese, promoción social ou de utilidade pública para o Concello de Ourense, no eido dos servizos sociais, promovan as asociacións e entidades sen ánimo de lucro; os devanditos programas, proxectos ou actividades deberán ir dirixidas de forma prioritaria a persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade social.

Quedan expresamente excluídos:

- Aqueles programas, proxectos ou actividades subvencionados por outras Concellerías do Concello de Ourense.
- Os programas, proxectos ou actividades que poidan implicar algún tipo de discriminación por razón de sexo, raza, ideoloxía ou condición social.
- Aqueles outros programas, proxectos e actividades que non se axusten ós obxectivos e finalidade definidas nestas bases.

Artigo 2.- Financiamento

A concesión de subvencións para os fins expostos limitarase ao crédito dispoñible no orzamento municipal correspondente a cada convocatoria.

En ningún caso, o importe da subvención superará o 75% do custo total do proxecto a desenvolver polo beneficiario. Este límite operará tanto no momento de outorgar a subvención como no exame da conta xustificativa.

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases son compatibles con outras axudas e subvencións públicas sempre que no seu conxunto non excedan do 100% do custo do proxecto subvencionado.

Artigo 3.- Destinatarios/as

Poderán solicitar as subvencións establecidas nestas bases:

3.1.- As asociacións e entidades validamente constituídas sen fin de lucro e que realicen actividades de interese o promoción social ou de utilidade pública e sexan de interese municipal.

Asi mesmo, seranlle requisitos esixibles ás entidades, que cumprirán antes da data da proposta de concesión da subvención, ademais dos previstos con carácter xeral nos artigos 8 e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 11 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os previstos na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

3.2.- Que teñan sede social ou delegación no termo municipal do Concello de Ourense. Terase en conta para determinar a sede social da entidade o domicilio que figure nos estatutos desta. De terse modificado o domicilio social, acreditarase a modificación deste no rexistro de asociacións.

3.3.- Que os seus estatutos teñan como obxectivos e finalidades principais a prestación de servizos sociais dirixidos a persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade social, coincidentes co obxecto da subvención.

3.4.- Estar inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).

3.5.- Constar inscritas no Rexistro de asociacións municipais ou acreditación de ter solicitada a inscrición no mesmo.

Quedan excluídas as entidades:

- Que non se atopen ó corrente de pago por reintegro de subvencións ou débedas coa Seguridade Social e coa Facenda pública.
- Que nos seus estatutos non teñan como obxectivos e finalidades principais a prestación de servizos sociais dirixidos a persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade social, coincidentes co obxecto da subvención.
- Que non presenten a documentación requirida no punto 4 das presentes bases.
- Que presenten as solicitudes fóra de prazo.

Artigo 4.- Solicitud e documentación

1.- Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se achega (Anexo I) no rexistro xeral do Concello de Ourense no prazo de un mes desde á publicación no Boletín Oficial da Provincia da respectiva convocatoria.

Tamén poderán presentarse por calquera dos medios regulados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os impresos de solicitude de subvención estarán dispoñibles na páxina web municipal www.ourense.gal.

2.- Documentación

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Proxecto explicativo da actividade, con especificación dos seguintes conceptos: xustificación da necesidade da realización do proxecto, programa ou actividade, persoas destinatarias (número de persoas ás que se dirixe), obxectivos (que é o que pretendemos conseguir), accións ou actividades concretas a desenvolver (explicación pormenorizada de cada unha delas indicando en todo caso lugares e datas de realización), metodoloxía (como se vai a realizar, coordinación...), recursos humanos e materiais a empregar (descrición detallada especificando a número de horas por profesionais, os respectivos custos/hora e o lugar de traballo). Dito proxecto virá asinado (Anexo II).

b) Orzamento de ingresos e gastos do total do proxecto, programa ou actividade, con expresión do financiamento previsto e ó nivel de detalle que permita comprobar todos os conceptos, sexan ou non subvencionables (Anexo V). Necesariamente virá asinado.

c) Copia actualizada e compulsada dos Estatutos así como certificación acreditativa dos cargos representativos.

d) Declaración responsable de non atoparse incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e non ser debedor á facenda pública estatal, autonómica e local, así como na Seguridade Social. (Anexo III).

e) Compromiso de utilización do galego nas publicacións, cartelería, na publicidade e en toda a produción escrita de todas as actividades que vaian a ser obxecto de subvención polo Concello de Ourense.

f) Compromiso da utilización dunha linguaxe non sexista e inclusiva así como o uso de imaxes publicitarias que non vulneren a dignidade das mulleres.

Non será preciso presentar os documentos que se atopen en dependencias municipais, sempre que se manifeste que non sufriron variación algunha, de acordo co modelo de declaración que se achega e conforme ó disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 5.- Gastos subvencionables e non subvencionables.

Serán gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do exercicio económico ano da correspondente convocatoria.

Os gastos deberán constar pagos antes da finalización do período de xustificación, salvo, de ser o caso, os relativos ós pagos de nóminas do mes coincidente co último do período de xustificación, para os que, se presentarán, no Rexistro Xeral, dentro dos dez días hábiles seguintes á finalización do prazo de xustificación, os documentos xustificativos de que o pago foi realizado nos 5 primeiros días do mes seguinte á finalización do prazo de xustificación.

Considéranse gastos subvencionables:

- Gastos directos de funcionamento e, en todo caso, correntes, necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención (tales como, persoal directamente relacionado ca actividade, material funxible....)
- Gastos indirectos relacionados co cumprimento das actividades obxecto de subvención (tales como, arrendo do local social, gastos de subministro e comunicacións.....) con detalle razoado do criterio de imputación empregado polo beneficiario tendo en conta a parte que razoablemente corresponda á actividade subvencionada e na medida en que tales custos corresponden ó período en que se paga a actividade, non superando en ningún caso a porcentaxe do 35% do orzamento presentado.

Os gastos financeiros ou de asesoría xurídica, notariais e rexistrais serán subvencionables sempre que se acredite que están directamente relacionados ca actividade subvencionable e sexan indispensables para a súa execución.

Como norma xeral as comidas consideraranse gasto non subvencionable, salvo no suposto de que a propia comida sexa o motivo da actividade e quede acreditado que aquela é esencial para o desenvolvemento e fins da actividade subvencionada.

En ningún caso serán subvencionables: gastos de aparcamento e peaxes, dietas, agasallos protocolarios e investimentos e equipamentos.

Artigo 6.- Criterios para a concesión de subvencións

As solicitudes recibidas valoraranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Interese do proxecto/actividade no ámbito municipal, ata 10 puntos:

- Desenvolvemento de proxectos de incorporación socio laboral para colectivos en situación de risco de vulnerabilidade social, ata 10 puntos.
- Desenvolvemento de proxectos ou actividades específicas para complementar as intervencións dos servizos sociais comunitarios, ata 8 puntos.
- Accións non desenvolvidas polo Concello ou por outras administracións públicas no eido dos servizos sociais, ata 5 puntos.

b)Coherencia do proxecto.

A valoración virá ponderada pola relación que no proxecto se estableza entre xustificación, obxectivos, lugar de realización, poboación destinataria, metodoloxía, cronograma, actividades ou accións a desenvolver, recursos materiais e humanos e proceso de avaliación, ata 15 puntos:

- Nivel alto, se se constata plena conexión entre todos os apartados do proxecto/actividade a desenvolver: 15 puntos.
- Nivel medio, se se constata alta conexión con todos os apartados do proxecto/actividade: 8 puntos.
- Nivel baixo, se se constata que hai escasa conexión entre os apartados do proxecto/actividade: 4 puntos.

c)Viabilidade do proxecto.

Ponderación respecto aos recursos humanos, ata 10 puntos:

- Nivel alto, recursos humanos óptimos en relación coa periodización do proxecto, das actividades a realizar e os/as destinatarios/as: 10 puntos.

- Nivel medio, recursos humanos limitados ou suficientes en relación coa periodización do proxecto, das actividades a realizar e os/as destinatarios/as: 5 puntos.

d) Continuidade do proxecto.

Avalíase a liña de intervención iniciada, ata 15 puntos:

- Se o proxecto segue unha liña de intervención xa iniciada e prevé a continuidade: 15 puntos.
- Se o proxecto prevé a continuidade da intervención máis alá da periodización deste: 8 puntos.
- Se o proxecto non segue unha liña de intervención xa iniciada e non prevé continuidade: 4 puntos.

A formula de aplicación para a valoración das solicitudes presentadas será a seguinte:

Achega proposta = Contía solicitada x (1- 0,69 x (1-puntuación solicitante/puntuación máxima)).

Artigo 7.- Instrución

O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión é a xefatura do Servizo de benestar social que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se realice a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Se a solicitude, documentación e a información presentada non reúnen os requisitos establecidos ou é insuficiente, o/a interesado/a será requirido para que, nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se lle terá por desistido da súa solicitude ó abeiro do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes serán tramitadas conforme co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Solucionadas as deficiencias observadas, o expediente remitirase á mesa de avaliación de subvencións, órgano que terá a seguinte composición:

Presidencia: Concelleira de asuntos sociais.

Vogais: xefa do Servizo

Un técnico ou técnica da Concellería.

Interventor municipal ou persoa en quen delegue.

Asesor xurídico municipal ou persoa en quen delegue.

Secretariado/a: un/ha funcionario/a da administración xeral adscrito/a ó servizo de Asuntos sociais.

Unha vez reunidos ós efectos de estudar e avaliar as solicitudes, a mesa emitirá o correspondente Informe de avaliación no que conste, debidamente asinado, por todos os/as membros da mesa, as valoracións efectuadas.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Mesa de avaliación de subvencións, formulará proposta de resolución motivada.

Ó expediente achegarse informe do órgano instrutor no que conste que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder á subvención solicitada.

Artigo 8.- Resolución

A resolución da solicitude de subvención realizarase mediante decreto da Concellería delegada de Asuntos Sociais e a mesma publicarase, de acordo co disposto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

A publicación, que substitúe á notificación, con todos os efectos desta, farase no prazo máximo de 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de solicitudes. A falta de publicación neste prazo permite entender o silencio administrativo con efectos desestimatorios de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a resolución poderase interpoñer, no prazo de dous meses, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso administrativo, sen prexuízo de interpor previamente recurso potestativo de reposición no prazo dun mes diante do órgano que ditara a resolución.

Artigo 9.- Obrigas das beneficiarias

- Acreditar a realización do programa, proxecto ou actividades que xustificaron a concesión da subvención.
- Permitir á Concellería de Asuntos sociais orientar tecnicamente as actividades e comprobar a súa realización e verificación dos datos económicos.
- Adoptar as medidas de difusión da subvención concedida para darlle unha adecuada publicidade ó carácter público do financiamento do proxecto, programa ou actividade de acordo co previsto na normativa de subvencións.
- A realización dos compromisos subscritos en relación á utilización da lingua galega e da linguaxe non sexista de acordo co disposto no artigo 4 destas bases.
- Realizar a xustificación da aplicación dos fondos da subvención concedida nos termos descritos no artigo 10.
- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas, proxectos ou actividades.
- As demais obrigas establecidas na normativa de aplicación.

Artigo 10.- Xustificación da aplicación da subvención.

A xustificación do destino das axudas concedidas efectuarase antes do 30 de novembro do ano correspondente á cada convocatoria, ou, traspasado dito prazo sen resolución da convocatoria de subvención, un mes despois da publicación da resolución.

A xustificación da subvención realizarase coa modalidade de “conta xustificativa do gasto realizado”, que será presentada pola entidade beneficiaria , coa seguinte documentación:

- Instancia subscripta polo Presidente da entidade dirixida ao Alcalde–Presidente na que se solicite o pagamento da subvención concedida.
- Memoria detallada, que virá asinada, do programa, proxecto ou actividade indicando en todo caso:
 1. Datos da entidade e denominación do proxecto, programa ou actividade.
 2. Fundamentación e consecución do proxecto indicando o número de persoas beneficiarias e perfil das mesmas (idade, colectivo, situación socioeconómica...)
 3. Periodización: datas, lugares e horarios de realización das actividades.
 4. Xustificación, de ser o caso, de posibles desviacións respecto do proxecto presentado.
 5. Recursos humanos e materiais empregados.
 6. Resultados obtidos: consecución de obxectivos, indicadores de actividade.
 7. Criterios de imputación empregados para a xustificación dos gastos indirectos.
- Copia do material de difusión no que apareza a financiamento do Concello de Ourense.
- Relación numerada dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, sexan ou non subvencionables, de maneira que quede acreditado o custe total da actividade, con expresión de provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento, e importe aplicado á subvención. A relación estará firmada polo secretario da entidade e co Vº Pr do presidente. Anexo IV.
- Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil, acreditativos do gasto realizado, ordenados e numerados correlativamente segundo o número de orden asignado na relación numerada á que se refire o parágrafo anterior, coa acreditación de estar pagos dentro do período de xustificación, coa salvedade prevista no artigo 5 “Gastos subvencionables”, parágrafo 2. O montante total dos documentos acreditará o importe total do custo do proxecto, programa ou actividade subvencionada.

Os documentos xustificativos serán orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas polo Servizo xestor, de acordo co establecido no artigo 18.2,c) da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

- Liquidación de ingresos e gastos de acordo co modelo empregado no orzamento (Anexo V), (fondos propios, subvencións concedidas e outras achegas) con acreditación da súa contía, procedencia e aplicación á actividade, programa ou proxecto subvencionado.
- Acreditación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante certificación administrativa positiva expedida polo órgano competente, para o caso de beneficiarios de subvencións en contía superior aos 3.000 euros.
- Comunicación doutras axudas concedidas para o mesmo proxecto.

Artigo 11.- Requisitos das facturas e restantes documentos equivalentes que se entreguen como xustificantes de emprego da subvención. Acreditación do pago

- As facturas deberán cumprir os requisitos para a súa expedición previstos no RD 1619/2012 de 30 de novembro e corresponder a gastos realizados dentro do período de xustificación: os gastos realizados acreditaranse mediante facturas con todos os elementos sinalados pola normativa aplicable en cada caso. Como mínimo expresarán o nome ou razón social da empresa que facture e o seu NIF, data de emisión, importe, detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo de IVE aplicable e importe total. Para o caso de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá acreditarse o ingreso da retención. En ningún caso se admitirán billetes de caixa ou simples recibos.
- Para considerar debidamente acreditados os custos salariais correspondentes aos gastos de persoal, deberán achegarse copias dos contratos de traballo, nóminas correspondentes firmadas polo seu perceptor e pagadas ou obriga de pagamento bancaria, así como os xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social. Deberá xustificarse a retención e ingreso na Axencia Estatal da Administración Tributaria, das cantidades correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).
- As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, así como a acreditación de que foi realizada a pertinente retención fiscal e liquidado o seu importe na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Achegarase ó órgano xestor o orixinal e unha copia compulsada de cada un dos documentos xustificativos do gasto de xeito que, se a entidade beneficiaria demanda a devolución do orixinal presentado para a xustificación, solicitará o selado das facturas orixinais indicando nela o motivo da subvención así coma o importe exacto que resulte afectado pola subvención.
- Os efectos de acreditar o pago, presentaranse documentos acreditativos dos pagos aos acredores, mediante documento bancario ou recibín do provedor no propio documento de gasto. En todo caso, para os pagos que en conxunto por acredor ascendan a contía igual ou superior a 1.000 euros, deberá acreditarse mediante documento bancario.

Artigo 12.- Pago da subvención.

12.1 O pago realizarase no número de conta indicado na última solicitude de apertura/modificación de ficha a terceiro e pago por transferencia presentada (modelo oficial do Concello de Ourense). Para o caso de non tela presentado ou pretender que o pago se realice noutro número de conta, presentarase a ficha de terceiros, o Rexistro Xeral do Concello de Ourense.

12.2 O abono das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez terminen os programas, actividades ou proxectos obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

12.3 Previa solicitude motivada da entidade subvencionada e sempre que o permita a dispoñibilidade da Tesourería do Concello de Ourense, poderá efectuarse, con carácter anticipado á xustificación dos gastos, o libramento do 50% da contía subvencionada, xustificada a totalidade do gasto abonarase o 50% restante. Para o caso de efectuarse pagos anticipados, poderá esixirse a prestación de garantías mediante depósitos, avales, seguros de caución, garantías persoais e solidarias e dereitos reais de garantías.

12.4 Procederá a redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:

- a) Cando o gasto xustificado sexa inferior ao importe da contía a xustificar.
- b) Pola obtención de maior financiamento da prevista no proxecto.

Artigo 13.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sancións.

13.1 Perda do dereito ao cobro: dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases e, especialmente:

- a) As obrigas ás que se condiciona o pago da subvención
- b) O incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención
- c) A variación da finalidade da actuación
- d) A falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta
- e) A obtención concorrente de outras axudas, que determinarían o reintegro da subvención municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.2 Cando aínda realizándose a actividade subvencionada exista diminución significativa da actividade que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, traducible a términos económicos nunha oscilación superior ao 20% do orzamento do proxecto ou actividade procederá a perda do dereito á subvención ou o seu reintegro na mesma proporción en que se teña reducido o custo da actividade ou proxecto subvencionado.

13.3 Nulidade, reintegro, infraccións e sancións: en canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de intereses de demora desde o pago da subvención ata a data na que se acorde o reintegro, nos casos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En canto ás infraccións e sancións nas que podan incurrir os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no capítulo IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 14.- Seguimento e control

O órgano competente para outorgar a subvención o será tamén para inspeccionar, directa ou indirectamente, as actividades obxecto da subvención co fin de comprobar a súa adecuación á memoria ou proxecto presentado e ás condicións establecidas para a concesión da subvención.

Artigo 15.- Publicidade

As entidades beneficiarias de subvención estarán obrigadas a dar adecuada publicidade de que os programas, proxectos ou actividades obxecto da subvención son financiadas polo Concello de Ourense, requisito indispensable para poder ser beneficiario da mesma.

Establecerase de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico e sonoro, que publiquen con motivo das actividades subvencionadas, o patrocinio do Concello de Ourense consonte o manual de estilo publicado na web: <http://www.ourense.gal/>

En calquera caso deberán respectarse as medidas de publicidade de acordo cas prescricións establecidas na normativa de aplicación.

Artigo 16.- Marco normativo

Para aquilo non previsto expresamente nestas bases, aplicaranse a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Ordenanza municipal de Subvencións do Concello de Ourense.

Artigo 17.- Base de datos Nacional de Subvenciones

O Concello de Ourense comunicará á Base de datos nacional de subvencións os datos relativos á convocatoria, xestión e concesión de subvencións nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións e no seu regulamento.

Artigo 18.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos das entidades solicitantes e dos de seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento

para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e da correspondente convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, baixo a responsabilidade do Concello de Ourense. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Ourense.

Disposición derradeira

Estas bases entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.